

## Mestras da Memoria

Antonio Reigosa

Hoxe, 8 de marzo, Día da Muller, imos dedicar estas liñas a esa memoria feminina esquecida por tripla razón: por ser de muller, de humilde condición e por se expresar habitualmente nunha lingua popular menosprezada como a nosa. Se os arquivos da historia apenas reparan na da xente do común, menos aínda o fan nos saberes atesourados pola experiencia destas mulleres que conservan, recrean e transmiten os recendos de lévedos antigos.

Des que a AELG crea en 2013 os premios Mestras e Mestres da Memoria para dar cumprimento ao mandato da UNESCO de dar visibilidade e recoñecemento social ás persoas depositarias das esencias da tribo, celebráronse oito edicións que a cada paso foron nomeando, individual ou colectivamente, mulleres que representan ese valor común intanxible de quen desexa pertencer a un mesmo eido identitario.

Manuela Cortizo Medal (Cerdedo, 1930-2018) foi a primeira desas mulleres distinguidas en 2013. Nela convivían un don natural para o canto e a preocupación por transmitir o cancionero popular. Elba Requeijo Barro (Abadín, 1943), arquivo vivo, un prodixio de memoria, un talento que recrea con fidelidade as fontes do saber e do aprender, foi homenaxeada en 2014. En 2015 tocoulle a Josefa Arias Castelo (Santaballa, Vilalba 1921- 2019), memoria fiel da obra creativa do seu tío, poeta popular, músico e outras moitas cousas, Caetano Arias López. A homenaxe de 2016 correspondeulle a Dolores Macías Pose (Cabana de Bergantiños, 1930, Dolores do Coxo, recreadora e vizosa creadora de coplas ao estilo tradicional.

Para 2017 o xurado elixiu ás Pandereteiras da Alén, de Beariz. Tres mozas que xa superaban entón os noventa anos e que responden aos sonoros nomes de Orosia, Ólida e Alsira. Nacidas as tres no mesmo lugar e parroquia na década dos 20 representan xeracionalmente as mulleres dese rural galego que sabemos resignado. Ao ano seguinte a Mestra foi Luz Fandiño (Santiago, 1931), muller que reúne nun só corpo toda a historia da muller galega. De orixe humilde, emigrante en Arxentina e Francia, curiosa de todo saber, inqueda, creativa, combativa, poeta nas tres linguas que domina, feminista e activista da causa das mulleres sempre sometidas. No 2019 a elixida foi a musicóloga suíza, Dorothé Schubarth, quen nas décadas finais do s. XX percorreu Galicia buscando a esencia da nosa música popular. O seu *Cancioneiro popular galego* recolle partitura a partitura a inmensidade da memoria da música popular. E no pasado 2020 as nomeadas foron as Batuko Tabanka, un grupo de mulleres caboverdianas que souberon manter viva na nosa terra a chama cultural enraizada nas illas da infancia.

Unha publicación e unha unidade didáctica, ambas de libre acceso na web da AELG, axudarán a coñecer e divulgar os nomes destas Mestras da Memoria. Engadamos que é en Lugo, cidade declarada pola AELG 'Capital galega da oralidade' onde se escenifica cada ano a entrega destas distincións e celebremos tamén nesta ocasión o Día da Muller incluíndo a estas Mestras da Memoria, cerna dun pasado que precisamos actualizar pero endexamais esquecer.